

GLOSARIO

Centro especial de emprego: que é?

Un centro especial de emprego é unha empresa promovida polo movemento asociativo da discapacidade, baixo os principios da Economía Social: primacía da persoa sobre o capital, sistema de traballo democrático e autoxestionado, e reinversión do beneficio na iniciativa económica.

Trátase dun centro de traballo no que o seu cadro de persoal está composto polo menos nun 70% por persoas con discapacidade, e que ten como obxectivo principal realizar un traballo produtivo no mercado no que opera, asegurando un emprego remunerado e constituíndo un medio para a inclusión laboral das persoas con discapacidade.
